

Unidade 04. Contacontos

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

O velatorio

Cando morreu a vella da casa do Vinculeiro, nin me acorda como se chamaba, os meus avós leváronme cando eles ao velatorio. Nunca fora a un e, a verdade, non sei que me daba máis medo, se quedarme só na casa ou ir canda eles. Contábase cada cousa dos mortos que daba arrepió imaxinar que algunha delas nos puidera pasar a nós.

Fomos para aló. O avó levaba unha facha de palla para alumarnos, e andamos o pouco camiño que separaba a nosa casa da da defunta case sen dar palabra. Sentíase a campá da igrexa tanxer a morto, algúns cans ouleaban coma o lobo, por veces chegábanos ao nariz un cheiro a cera derretida, falou a curuxa e dixo a avoa:

—Condenada, chamas por outro!

—Por outro que, avoa?

—Cala, que non é nada.

A casa da morta estaba chea de xente, veciños da aldea e algúns parentes da familia. Rezouse o rosario e outras oracións, e despois os homes e os rapaces, mozos e mozas, fomos para a cociña; o resto, maiormente as vellas, quedou sentado ao redor do cadaleito.

Puxéronnos de comer e de beber, e, segundo se ía consumindo o viño e a caña, medraba o ruído e a xolda. Case todos menos eu, segundo dicían, sabían antes de que pasase que a vella ía morrer aquel día. Uns viran corvos andar ao redor do lousado da súa casa, a outros chamáralles a atención unha pomba pousada na aira. Non faltou quen dixera que viran pasar unha defunta á mesma hora que finara, vestida coa mellor roupa, polo outro cabo da aldea. Despois viñeron os contos verdes, rubios e colorados, e ata uns xogos ben atrevidos que eu nunca antes vira xogar. Ao que se durmía ou tordeaba atábanlle os pés ou as mans cun cordel e despois espabilábano e daba uns zoupazos de medo contra o chan. Nunca pensei que un velatorio fose tan divertido.

Xa ben tarde, á unha ou ás dúas da mañá, os meus avós chamáronme para volvermos para a casa. Entón foi cando me dixo o Belarmino:

—Marcho convosco. Vai chamar a meu pai, que está sentado no cuarto da defunta.

—Non lle fagas caso- dixo meu avó.

Pero eu xa andaba no bico da escaleira. Entrei no cuarto da morta e alí estaba o Tío Belarmino sentado coa cabeza pendurada sobre o peito, durmido coma unha pedra.

Chameino, pero non me respondeu. Asegundei, e nada. Tiven que insistir:

—Tío Belarmino, vén ou que?

—Xa vou!

E ao mesmo que se incorporou da cadeira ergueuse a morta da caixa. Todos pensamos, eu o primeiro, que quen dixera «Xa vou!» fora a defunta. Saltei as escaleiras dun chimpo, berrando, ao tempo que me botaba fóra da casa:

—A vella resucitou!

Non sei como se desenguedellou o Tío Belarmino dos fíos que o ataban á defunta nin se quedou alguén para axudarlle. Eu corrín canto puiden ata a casa e nin tempo tiven de oír curuxas nin cans. Sei que ao día seguinte estaba o Belarmino novo facendo as maletas e que, se non morreu, andará por o Brasil ou por aló.

—Hai bromas e bromas!-Seica lle dixo o pai cando o botou da casa.

A. REIGOSA
A noite dos pesadelos
Tambre

Unidade 04. Contacontos

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Comprensión lectora

1. Responde as seguintes preguntas.

Un neno que foi a un velorio cos seus avós.

- De quen era o velorio?

Da vella da casa do Vinculeiro.

- Quen quedaba ao redor do cadaleito?

As vellas maiormente. Os homes, rapaces, mozos e mozas ían para a cociña.

- Como lle facían ao que se durmía no velorio?

Atábanlle os pés ou as mans cun cordel e despois espabilábano e daba uns zoupazos de

medo contra o chan.

- Que fixo o Tío Belarmino co seu fillo?

Botouno da casa porque o velorio fora unha broma súa. Ao parecer fora para o Brasil e

o pai díxolle: -Hai bromas e bromas!

2. Pensa e responde as seguintes preguntas.

- Que quere dicir a avoa cando di: «*Condenada, chamas por outro!*»?

Que cando canta a curuxa chama por outra persoa para morrer.

- Algunha vez acudiches a un velorio? Se a resposta é afirmativa, foi como se relata na historia?

Resposta libre.

- En que época pensas ti que ocorre este velorio? Na actualidade?

Non, porque na actualidade a xente non se alumea con fochas de palla.

- Pensas que na actualidade os velorios son así?

Resposta libre.

Unidade 04. Contacontos

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Coñecemento da lingua

3. Escribe o feminino das seguintes palabras.

Rei **raíña**

Cabalo **egua**

Muller **home**

Conde **condesa**

Musulmán **musulmá**

León **leoa**

Noivo **noiva**

Fisterrán **fisterrá**

Rapaz **rapaza**

Alcalde **alcaldesa**

4. Completa as seguintes oracións con substantivos en plural.

- Merquei uns **pantalóns** _____ de pana na tenda nova.
- Hoxe visitaron a escola os **campións** _____ de Galicia de balonmán.
- Todos os **luns, martes, etc** _____ temos clase de debuxo.
- Necesito dous **funís** _____ para encher as botellas.
- Miña nai traballa na fábrica de **automóbiles** _____ de Citroën.
- Uxía ten unhas **pernas** _____ moi longas.

Unidade 04. Contacontos

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Literatura

5. Le o texto seguinte e contesta as preguntas.

A Edelmiro Clodovaldo...

A Edelmiro Clodovaldo

sábelle tan ben o caldo

que estando a pota na mesa

éntralle unha fame espesa.

Como non aguanta as ganas

pon un bañador de pana,

dentro da pota se tira

cal se fose unha piscina.

No caldo dá unhas nadadas

traga algunha que outra faba

e se acaso algún chourizo

se lle cruza no camiño

ponse todo colorado

e se lambe con agrado.

e cando atopa patacas

abre a boca dunha cuarta.

En canto está satisfeito

sae da pota moi dereito,

bota un salaio profundo,

o home máis feliz do mundo,

con disimulo e de esguello,

para non ser moi groseiro,

sécase coa servilleta,

dá un arrouto e dorme a sesta.

De cando en vez se mergulla

para pillar verdura,

- Sinala as palabras que riman entre elas.

Clodovaldo-caldo; mesa-espesa; ganas-pana; tira-piscina; nadadas-faba; chourizo-camiño; colorado-agrado; mergulla-verdura; patacas-cuartas; satisfeito-dereito; profundo-mundo; esguello-groseiro; servilleta-sesta.

- Agora clasifica as rimas segundo sexan consonantes ou asonante.

Rima consonante

Clodovaldo-caldo; mesa-espesa; colorado-agrado; satisfeito-dereito; profundo-mundo.

Rima asonante

Tira-piscina; nadadas-faba; chourizo-camiño; mergulla-verdura; patacas-cuartas;

esguello-groseiro; servilleta-sesta; ganas-pana.

- Crea ti dúas rimas, unha consoante e outra asonante.

Resposta libre.